



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Anuncio delegación das funcións da alcaldía dende o 28 de xullo ao 10 de agosto de 2025, ambos os dous incluídos

ANUNCIO

O Alcalde, o día 23 de xullo de 2025, ditou a seguinte resolución con número 290/2025:

“RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: 2025/G003/000295. Delegación das funcións da alcaldía dende o 28 de xullo ó 10 de agosto de 2025, ambos os dous incluídos.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 63 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 47 apartado segundo do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, sobre substitucións nas funcións de Alcaldía, e ante a miña ausencia da localidade dende o día 28 de xullo ó día 10 de agosto de 2025, ambos os dous incluídos.

Conforme ao disposto nos artigos 47 e 44 do ROF e en virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, sendo competencia de Alcaldía, RESOLVO:

PRIMEIRO. Delegar en D. Jesús Martínez Pereira primeiro Tenente de Alcalde as funcións da Alcaldía entre os días 28 de xullo e 10 de agosto de 2025, ambos inclusive, producindo os seus efectos a partir das cero horas da indicada data.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO. Publicar a presente resolución no BOP, conforme ao establecido no artigo 44 do ROF e dar traslado deste acordo aos interesados.

Mándao e asíno o señor alcalde Roberto Castro Rocamonde en Touro na data da sinatura electrónica á marxe, do que eu, José Ramón Casal Orza, secretario-interventor accidental, por Decreto nº 284/2025 de data 15/07/2025 dou fe.”

O que se publica para xeral coñecemento

Touro, 23 de xullo de 2025.

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

2025/4941